

## MELIDE

Un informe da UE cuestiona a calidade das augas do río Furelos P11

## COMARCA

Visantoña: a banda inaugura unha exposición polo seu 140º aniversario P13

## CULTURA

Tres días sobre rodas con música, rutas, acrobacias e concertos P20

## ENTREVISTA

A P23

# Cerne

## O xornal da Terra de Melide

Nº 137. Xuño 2017. Distribución gratuíta

# Xornada de grandes rebaixas na Noite Aberta do comercio local

O comercio asociado de Melide abriu as súas portas ata as 12 da noite e aplicou dende a primeira hora da tarde grandes descontos nos seus produtos nunha terceira edición da Noite Aberta. As tendas ofreceron pinchos e luciron unha decoración especial, globos brancos e alfombra vermella. Ademais dos descontos, que nalgúns casos chegaron ao 80%, a Noite Aberta do comercio melidense tivo outros atractivos como animación na rúa.



## Clausura de actividades culturais e deportivas



En Santiso a festa de clausura de actividades estivo chea de sorpresas, os alumnos mostraron as actividades realizadas o longo do ano. P14

## “Os 21 do Camiño” aspira a novos récords na 5ª edición



A Asociación Deportiva Cerne, espera chegar a setecentos participantes, un limiar que estaba a piques de bater anos atrás. P19

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS  
TERRA DE MELIDE**

*26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

Tfno: 981 50 61 88 - [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

## Editorial

### A guerra contra o terror

O terrorismo volve golpear a Europa. Reino Unido é hoxe un país en estado de shock, tras sufrir o terceiro atentado islamita en apenas tres meses. O ataque na soada Ponte de Londres produciuse, ademais, en vésperas das eleccións lexislativas británicas do xoves. Unha vez máis, o terrorismo tenta influír nas furnas. Porque o yihadismo non busca só provocar o maior dano posible en Occidente, senón que tamén persegue combater os valores e o modo de vida que nos caracteriza. O Estado Islámico declarou a "guerra total" aos occidentais, pola súa representación no mundo. Por iso, Europa no seu conxunto está no punto de mira, e en estado de alerta máxima desde fai xa varios anos. Os moitos ataques perpetrados polo ISIS en distintos países demostran a gran capacidade que a organización terrorista máis perigosa da historia ten para situar o seu conflito en chan europeo. O Califato está a sufrir un retroceso imparabile sobre o terreo, en Siria e Iraq, grazas á acción coordinada das potencias mundiais. E, como reacción, tenta redobrar os seus ataques no exterior para exhibir músculo e certa fortaleza a modo propagandístico. Favorécelle, ademais, o feito de avanzar no recrutamento de activistas en Europa. Todos os servizos de



Intelixencia detectan un progresivo aumento de cidadáns radicalizados. Como alertaba a primeira ministra británica, Theresa May, no recente Cume do G-7, o "yihadismo" está a pasar do campo de batalla a internet, principal vía de radicalización. Pedía unha mellora da cooperación occidental na prevención e a loita antiterrorista neste senso, cada vez máis prioritario, é difícil calibrar ata que punto os atentados influíron nas eleccións británicas. Nas periferias das grandes cidades enquisáronse grandes guetos. A situación é unha auténtica bomba de relojería. De feito, os servizos de Intelixencia británicos teñen detectados a uns 23.000 potenciais "yihadistas", unha ameaza desbordante. Con algo tan serio como

a seguridade, non caben xogos, como se volveu a demostrar este tráxico 3 de Xuño. Estamos ante unha patente demostración de que neste mundo globalizado o illamento non ofrece salvaguardias adicionais fronte ao terror. O Reino Unido atópase inmerso nun complexo e traumático proceso de redefinición tanto da súa identidade nacional como das súas alianzas internacionais. O shock do terrorismo debería servir para lembrarnos a todos que por encima das nosas diferenzas en torno ao Brexit, que son profundas, compartimos un único espazo de liberdade, prosperidade e seguridade que temos a obrigaçión de preservar. A nosa solidariedade cos londinienses e co pobo británico.

## Tribuna de opinión

### Tempos turbios

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Co verán ao virar a esquina e a calor ameazando, hai que empezar a tomar nota de refuxios naturais para refrescarse. Mentres as ansiadas vacacións para escaparse á praia non chegan, merece a pena achegarse a algunha das praias fluviais que se esconden a un paso para facer máis levadío o estío, pero por desgraza un ano máis e sen unha solución a vista os veciños e veciñas do municipio non van a poder disfrutar das augas da praia fluvial de Furelos, xa levamos catro anos consecutivos que as análises anuais realizadas por o Sergas califican as augas do río como insuficientes, aínda así a área de baño foi aberta durante a época estival. A praia fluvial sofre a continua baixada de catalogación da ca-

lidade das augas nos últimos anos, algo que se anticipaba o desastre a que hoxe asistimos.

O dano xa está feito. ¿Quen compasará á poboación?, ¿ós milleiros de visitantes?, ¿ós negocios locais?. Esto pon en risco factores que dinamizan e enriquecen o pobo.

Esto estase a deber o pésimo funcionamento do sistema de saneamento do pobo, mesmo a Xunta de Galicia teno recoñecido. Son múltiples e continuos os verquidos de augas fecais na rúas e nos nosos rios, sendo a última denuncia presentada en Febreiro de este mesmo ano por a Asociación de Troiteiros do río Furelos. Como veciños do municipio pedimos unha solución xa, queremos disfrutar das maravillosas paraxes do noso pobo.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Marga Vilariño Rivadulla

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** Xosé Núñez López

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López López

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

## Comerciantes valoran a Noite Aberta, como un éxito

ASETEM contou coa charanga Ardores e actividades de animación na rúa



Así lucían os establecementos participantes na Noite Aberta

O presidente da ASETEM, Manuel Vázquez, valorou a Noite Aberta como «un éxito» e reclama o apoio «dos que se benefician pero non colaboran». Aludiu aos establecementos que «se aproveitan dunha iniciativa que financian outros, non só ampliando o seu horario de apertura habitual, senón tamén inventando promocións específicas con nomes

semellantes ou mesmo o propio de Noite Aberta».

As actividades da Noite Aberta encheron Melide de público ata ben entrada a madrugada cun fin de festa, un sorteo no cantón de San Roque, máis de trinta premios, todos eles deben gastarse en comercios participantes. Os gañadores dos premios foron a maior parte do pobo e ata algún que

outro o acompañou a sorte levando para a casa máis de un.A asociación de empresarios Terra de Melide agradeceu o esforzo do persoal dos establecementos colaboradores, a Dirección Xeral de Comercio por a súa aportación «sen eles sería imposible organizar unha Noite Aberta tan dinámica e con tantos atractivos». Os establecemen-

tos asociados expresaban a súa felicitación á ASETEM por este «rotundo éxito».

A Asociación subliñou o importante incremento de establecementos colaboradores, que suman vinteseite o igual que a edición do pasado ano pero notándose un notable incremento con respecto a primeira edición. Un crecemento que, na opinión da asociación, «demostra que esta iniciativa está plenamente consolidada e supón unha dinamización importante para o comercio local antes do inicio das rebaixas do verán». No apartado musical, esta Noite Aberta contou cun pasarúas da Charanga Ardores, achegada polo Concello de Melide que tivo as rúas e establecementos amenizados durante a media tarde ata o peche das tendas, a eles sumouse Xanela Ocio que coa súa mascota Miky Mousse repartiron caramelos. Os locais eran fáciles de recoñecer grazas a moqueta vermella no exterior e a vestimenta con globos brancos. Manuel Vázquez destacou a colaboración da cultura coa economía e subliñou o esforzo dos comerciantes como en cada evento que se organiza ASETEM CCA anima os comercios que aínda non o fixeron a sumarse en vindeiros anos. A Noite Aberta promocionouse e seguíuse a promocionar en toda a área de influencia da contorna do concello e desde xa dende ASETEM CCA seguirán a traballar e promorcionar o comercio.

### ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- EKATÉ
  - ROMERO ZAPATERÍAS
  - LIBRERÍA VICTORIO
  - MIS MEJORES LABORES
  - CALZADOS BROZ
  - ÓPTICAS TÁBORA
  - COLORÍN COLORADO
  - SISUKA
  - STARDEMUDA
  - ORO LEI XOIERÍA
  - FERRETERÍA NOQUEROL
  - EL DÁNDOLO
  - ELECTROSAN
  - M y M MODA
  - MARVI MERCERÍA
  - LEIVA MOTOSPORT
  - MUXICA
  - ALAIN AFFLELOU
  - CALIFORNIA 66
  - PERFUMERÍA LYSS
  - TU BOUTIK
  - SUEÑOS MODA INFANTIL
  - MEDUSA MODA
  - PARAFARMACIA CANTÓN
  - SPORT MODA
  - PEQUENIÑOS
  - DEPORTES LÓPEZ
- Grazas por a vosa colaboración*

**ASETEM**

### AS RÚAS LUCIRON CHEAS DE XENTE DURANTE TODA A XORNADA



Rúas de Melide durante a Noite Aberta

Milleiros de visitantes de diversos puntos da xeografía Galega, achegaronse ata Melide para realizar as súasdebido os grandes descontos, as rúas cheas de colorido, música e animación conquistaron as miradas de centos de persoas que quixeron desfrutar de unha gran tarde-noite na que acompañou o sol e as elevadas temperaturas.

## POR SER DE XUSTIZA

### A custodia compartida



**Eva Novás**  
Avogada

Nos casos de separación ou divorcio nos que existen fillos, sobre todo se son de curta idade, é unánime que o máis favorable para eles é que poidan manter relación cos dous proxenitores por igual, da forma máis parecida posible a como o facían antes da ruptura, de xeito que ambos participen por igual e se impliquen na súa educación e desenvolvemento. Sempre e cando non existan outro tipo de circunstancias graves que, no seu interese, desaconsellen a relación cun deles: violencia doméstica ou casos nos que un dos cónxuxes atente contra a vida, a liberdade, a integridade física e moral ou a indemnidade sexual do outro ou dos fillos cos que convivan.

A custodia é posiblemente o asunto máis controvertido e delicado por resolver. Sempre supón (ou debería) un exercicio de xenerosidade e sacrificio polas dúas partes en favor dos fillos. E non implica tan só a pais e fillos, posto que as decisións que se toman condicionan moitas veces a vida e as rutinas do resto da familia (avós, tíos...) que prestan apoio para facer que a ruptura dos maiores non sexa unha ruptura cos pequenos.

Por esta razón, cada vez son máis os casos nos que as dúas partes aproximan posicións e tentan, ben persoalmente ou a través de profesionais e especialistas, acadar un acordo ou convenio en canto á custodia, a fin de que non sexa un terceiro descoñecido (un xuíz) quen o decida. Pero incluso cando non existe este acordo, a tendencia dos tribunais está sendo a de facer da custodia compartida o réxime habitual e non unha excepción. Polo que o problema que se produce nalgúns casos é que aínda que os pais quixeran, non é posible na práctica a custodia compartida ou ben non é aconsellable. Pensemos, por exemplo, nas profesións que obrigan a viaxar con frecuencia ou en pais con domicilios moi afastados.

Aínda que se está convertendo no habitual, queda moito por avanzar en materia de custodia compartida. Sen embargo, a día de hoxe xa existen criterios básicos que se van a ter en conta á hora de establecela e sobre os que se debería meditar antes de solicitala. Como son que os fillos, sempre que teñan o uso de razón suficiente, deberán ser escoitados e tidos en conta na decisión. Así como o número de fillos.

Tamén, que os domicilios dos pais estean a unha distancia razoable entre eles e ao centro escolar, así como que teñan un horario laboral compatible ou ben conten con apoio familiar ou de terceiros para o coidado dos fillos.

E, sobre todo, cal é a relación entre os pais e como era antes da ruptura: cal foi o papel e a implicación de cada un, os hábitos e rutinas, se cooperan e se auxilian, se é posible unha comunicación frecuente e fluída, se evitan discusións e situacións de tensión, se colaboran para que a relación do fillo cos ámbolos dous sexa equilibrada e se se respectan mutuamente e evitan interferir na vida e nos dereitos da outra parte, o que non sempre se produce, sobre todo se un deles ou os dous teñen ou conviven cunha nova parella.

Pero en ningún caso a custodia compartida significa que os períodos de estancia con cada un sexan exactamente iguais ou que deste xeito se evite de maneira automática a obriga de pagar unha pensión de alimentos ó fillo.

Polo que aínda que a tendencia é a de establecer a custodia compartida, deberá primar sempre o interese do menor e, en casos controvertidos, analizarse e acreditarse de forma minuciosa as circunstancias da unidade familiar e a realidade de cada caso concreto. Pois non sempre o desexable é o máis adecuado.

**Eva Novás Mato**  
Avogada

**Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**  
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

## Os placeiros cren que a calidade do produto é a súa fortaleza



Campana "Quere o teu mercado" en Melide

Baixo a campaña "Quere o teu mercado" os placeiros sinalan que teñen fortalezas como a "calidade e frescura dos seus produtos", que poden dar unha atención personalizada aos seus clientes e que a rotación nos postos non é tan acusada como noutros sectores. Apostan tamén por engancharse ás oportunidades que se lle poñen no camiño, como incluír nova variedade. O informe DAFO, que se realizou a través de entrevistas persoais cos representantes dos comerciantes "para evitar rumbos", apunta tamén a que hai actualmente ameazas que poñen en perigo a continuidade dos mercados se non se toman decisións que as neutralicen. Os placeiros aseguran que a clientela habitual é de persoas "maiores de 70 anos dentro dunha unidade familiar de poucos individuos e en diminución".

Outro sector da poboación que vai cada vez menos ao mercado, segundo os que se poñen detrás dos postos cada día, é o dos funcionarios, algo que fai perigar a súa continuidade. Actualmente, ven como un comercio "orientado a un segmento da poboación moi determinado", o de "persoas maiores que dispoñen de

tempo para realizar compras" cada día, polo que a súa visión de futuro é "pesimista".

Cren que deberían mellorar a imaxe dos mercados, atendendo á presentación dos produtos, tamén a que os mercados non se centrasen só na alimentación e fosen un "vértice económico", de modo que entrasen en relación coa súa contorna, cos negocios e servizos próximos. Os placeiros cren que lles viría ben tamén que o Concello axilizase a concesión dos postos, que houbera máis sinais que anunciasen a súa presenza e que se realizasen actividades para que os clientes se animásen a entrar e a coñecer os seus produtos.

Fan fincapé tamén en aproveitar ganchos como o do programa Masterchef, e en inculcar á poboación a importancia de consumir produtos saudables e locais.

Na súa lista de deberes, os placeiros propoñen solucionar os conflitos que existen entre os profesionais, paliar a falta de formación do persoal e a adaptación ás novas necesidades e sobre todo atopar substitución xeracional a ambos os dous lados dos seus postos.

## As persoas físicas non terán a obriga de presentar a factura electrónica ante o concello



Factura electrónica

Dende a entrada en vigor da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, onde se obriga ás empresas con personalidade xurídica ás súas relacións coa administración de forma telemática, o Concello de Melide estaba obrigando a todas as persoas físicas a utilizar procedementos telemáticos nas súas tramitacións; e á presentación electrónica das facturas por parte das persoas físicas co coste adicional que este trámite podía supoñer para os veciños que tiñan algún tipo de relación comercial

co Concello.

A asesoría fiscal de ASETEM CCA analiza este feito e non atopa ningunha lei ou ordenanza que ampare tal esixencia por parte do Concello, nin lle consta precedente en ningunha outra administración pública, xa que a citada Lei obriga ás comunicacións telemáticas só as persoas xurídicas (sociedades e asociacións). Postos en contacto co Servizo de Intervención do Concello, este non é capaz de xustificar o seu criterio ao amparo da normativa existente, polo cal

se formula unha queixa formal ao Concello pedindo as oportunas aclaracións.

Unha vez tramitada a queixa, e despois do cambio da persoa responsable do Servizo de Intervención do Concello, este organismo contacta coa asesoría para comunicar que toda a argumentación da queixa é axustada a dereito e que non existe base xurídica no requirimento de factura electrónica ás persoas físicas, polo que precederán á rectificación do criterio seguido ata o momento.

## Impulso de 1,3 millóns para a modernización do comercio galego

Máis de 400 profesionais poderán mellorar a imaxe das súas tendas e gañar competitividade



Establecemento de Ekate

Máis de 400 profesionais do comercio galego de proximidade poderán modernizar os seus establecementos e mellorar a imaxe dos seus negocios grazas a unha nova liña de axudas cunha dotación total de 1,3 millóns de euros.

Trátase dunha iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria dentro da que se enmarca, por exemplo, o Programa de Social Commerce, que se poñerá en marcha da man da Federación Galega de Comercio a través

da firma dun convenio.

Deste xeito, unhas 200 tendas terán acceso aos servizos dun xestor profesional de redes sociais (community manager) que lles permitirá afianzar o seu éxito no campo das novas tecnoloxías fixando obxectivos empresariais e compartindo experiencias, novas fórmulas de promoción e comercialización, recursos e tendencias para mellorar a súa eficacia e aproveitarse das vantaxes dos medios en liña.

## Campaña dirección xeral de comercio

As distintas asociacións da comarca reuníronse en Santiago de Compostela coa directora xeral de comercio Sol Vázquez Abeal e coas distintas federacións de comercio provinciais para a presentación de unha campaña que dará comezo este 16 de Xuño e prolongarase ata o día 30, baixo o nome DÍAS AZUIS, trátase de que os establecementos participantes decoren as súas tendas de xeito que se visualicen da cor que demanda o nome da campaña e así o cliente as idenifique. Con cada compra

realizada o cliente terá o dereito a participar nesta campaña de tres xeitos diferentes, ou ben enviando un sms, entrando nunha páxina web ou pedíndolle o propio comerciante que a rexistre. O sorteo constará de oito tarxetas prepago de de 500€, vinte de 300€ e cuarenta de 150€, a maiores os comerciantes que rexistren máis compras entre eles repartiranse 4.000€ . Unha vez máis desde a dirección xeral de comercio e coa colaboración das distintas entidades que representan este

sector premian e promocionan o comercio galego. Desde ASETEM queremos agradecer a colaboración de todos os establecementos nesta campaña e informar que nós vindeiros días a propia asociación comenzará a repartir os distintivos e a información a todos aqueles que estean interesados en participar.

ASETEM CCA informará a os establecementos sobre as bases a seguir para calquer consulta ou dúbida poden poñerse en contacto ou acudir as oficinas.



## SUBVENCIONS

### SUBVENCIONS

#### **AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, E SE CONVOCAN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA**

(DOG 103, DO 01/06/2017)

Beneficiarios: PEMES, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado

Prazo de solicitude: ata o 30/12/2017 ou esgotamento do crédito orzamentario.

Proxectos obxecto de apoio:

- LIÑA DE AXUDA AO INVESTIMENTO EN EQUIPOS PRODUTIVOS. Investimentos en maquinaria e bens de equipo para ampliación de capacidade, diversificación da produción ou cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.

Requisitos:

Investimento subvencionable, entre 50.000 e 900.000 euros.

Sectores incentivables, relacionados no Anexo II da orde da convocatoria. No caso turismo, só será subvencionable a ampliación dun establecemento existente ou cambio substancial do establecemento.

Contía: Ata o 20% dos investimentos subvencionables (ata o 10% no caso de medianas empresas)

- LIÑA DE AXUDA A INVESTIMENTOS XERADORES DE EMPREGO. Investimentos en obra civil, maquinaria e bens de equipamento para a creación dun novo establecemento ou ampliación dun existente con creación de emprego directo ou indirecto.

O proxecto deberá cumprir un destes requisitos:

a) Investimento subvencionable entre 150.000 e 900.000 euros, co compromiso de mantemento do emprego e/ou compromiso de creación directa de emprego.

b) Investimento subvencionable entre 50.000 e 150.000 euros, cando supoña unha creación de emprego, cuxo custo salarial de un ano dos postos a crear sexa entre 150.000 e 900.000 €.

c) Investimento entre 900.000 e 2.000.000 euros, para actividades non atendibles pola Lei 50/1985, de incentivos rexionais, e supoñan a creación directa de emprego fixo.

Sectores incentivables, relacionados no Anexo II da orde da convocatoria. No caso de turismo, só será subvencionable a ampliación dun establecemento existente, creación dun novo establecemento para actividades de turismo activo, balnearios ou talasos.

Contía: Ata o 35% dos investimentos subvencionables (ata o 25% no caso de medianas empresas)

#### **AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS TAXI ADAPTADOS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA (EURO-TAXI), CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2017.**

DOG 100, DO 29/05/2017

Actuacións subvencionables: Adquisición de vehículos taxi novos, adaptados a persoas con mobilidade reducida.

Beneficiarios: Persoas físicas titulares de autorizacións de transporte vixentes, serie VT-N.

Contía: 10.000 euro por vehículo.

**Prazo de solicitude: Ata o 13/10/2017.**

#### **PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN E SE PROCEDE Á SU CONVOCATORIA PARA O ANO 2017**

(DOG 97, DO 23/05/2017)

Beneficiarios: Empresas privadas de carácter mercantil. Requisitos, entre outros:

- De nova creación (inicio da actividade dende 01/10/2016).

- Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

- Promovidas, como máximo, por 5 persoas e que entre os socios non figure ningunha persoa xurídica.

- Capital máximo de 120.202 euros.

- Que, como mínimo, o 50% do capital social pertenza a persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Tamén poderán ser beneficiarias as empresas privadas que obtivesen a cualificación de Iniciativa Local de Emprego (ILE)

Tipos de axuda:

a) **SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE.**

Contía: 4.000 euros por cada posto de traballo indefinido a xornada completa que se cree (incluído o dos promotores), cun máximo de 10 postos, ocupados por persoas desempregadas. Esta contía base incrementarase nun 25% nos seguintes casos (muller, persoa con discapacidade ou en risco de exclusión social, pertenza a unha unidade familiar na que todos os seus membros están desempregados, ou que o centro de traballo se atope nun concello rural). Contía máxima por posto, 8.000 euros. Serán subvencionables os postos creados entre o 01/10/2016 e o 31/07/2017.

egados, ou que o centro de traballo se atope nun concello rural). A contía máxima por posto de traballo será de 6.000 euros.

d) **SUBVENCIÓN PARA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DAS PERSOAS PROMOTORAS.**

Subvención do 75% do custo dos servizos de gardaría, ata un máximo de 3.000 euros, para promotores con fillos menores de 3 anos, que obtivesen axuda para a creación do seu propio posto de traballo; cando sexan titulares de familias monoparentais ou de familias nas que os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral.

Serán subvencionables os gastos de gardaría desde os tres meses anteriores ao inicio da actividade ata o mes de xullo de 2017.

**Prazo de solicitude: Ata o 31/07/2017**

**Obrigas, entre outras: manter a forma xurídica e a actividade durante 2 anos.**

**SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DOS SECTORES INDUSTRIAL E HOTELEIRO, PARA O ANO 2017 E 2018, COFINANCIADA POLO FEDER.**

(DOG 98, DO 24/05/2017)

Actuacións subvencionables:

- Auditorías enerxéticas.
- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

Beneficiarios: empresas e empresarios autónomos do sector hoteleiro e da industria; así como as empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía.

Investimento mínimo de 10.000 euros, salvo auditorías enerxéticas, que será de 4.000 euros.

Contía:

- 30% do custo elixible da nova instalación, máximo 200.000 euros por proxecto (PEMES, ata o 40%). A axuda máxima poderase aumentar naqueles proxectos que xustifiquen a consecución de elevados niveis de aforro enerxético.

- 50% do custo elixible no caso de axudas á elaboración de auditorías enerxéticas.

**Prazo de solicitude: Ata o 06/07/2017**

...a peza que precisa a súa empresa

Solicite presuposto sen compromiso !!

**Laboral  
contable  
fiscal  
sucesións  
tráfico  
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo  
15800 MELIDE A Coruña  
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com  
www.ccxestion.com

## DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

### ASESORÍA

**CC Xestión**  
Florentino Cuevillas, 2  
881 97 33 07  
**Seguros Bilbao**  
Rda. de Pontevedra, 113  
678 05 59 42

### CANTEIRAS

**Canteras Prebetong**  
Brasil, 56, Vigo  
981 50 55 76  
**Canteras Richinol**  
Arenal, 64, Lalín  
981 50 55 04

### CARPINTERÍA

**Aluminios Melide**  
Pol. Madanela, 86  
981 50 73 12  
**Blangar**  
Ctra. Lugo km 46,  
Melide  
981 50 54 18  
**Maderas**  
**Ovidio Leiva**  
Belmil, Santiso  
608 58 74 47

### COMERCIO

**Bodejas Mejuto**  
Rda. de Pontevedra, 74  
981 50 77 62  
**California 66**  
Rosaleda, 5  
687 77 64 36  
**Calzados Broz**  
Camiño de Ovedo, 13  
981 50 51 60  
**Cárnicas García**  
Rda. da Coruña, 14  
981 81 54 00  
**Carnicería Penas**  
Avda. de Lugo, 35  
609 93 91 98  
**Carnicería Río**  
Rda. de Pontevedra, 17  
610 77 83 19  
**Carola Moda 2000**  
Alexandre Bóveda, 16  
981 50 51 49  
**Casa Juanito**  
Mateo S. Bugueiro, 39  
981 50 51 03  
**Casa Santos**  
Avda. de Lugo, 8  
981 50 53 96  
**Centro Comercial Ares**  
Rda. da Coruña, 27  
981 50 50 53  
**Cociñas M. Buján**  
Avda. de Lugo, 99  
981 50 74 21  
**Colorín Colorado**  
Rda. da Coruña, 10  
881 97 85 60

**Cooperativa Melisanto**  
Agüeros, s/n, Melide  
981 50 60 26  
**Deportes López**  
Avda da Habana, 5  
981 50 54 25  
**Disfruta**  
Rda. da Coruña, 18  
606 97 04 98  
**Distribuciones Mella**  
Xoán XXIII  
981 50 60 68  
**DivaPro Hair&Beauty**  
Rda. da Coruña, 58  
607 26 77 82  
**Ekaté**  
Cantón de San Roque,11  
881 97 74 17  
**Electrosan**  
Martagona, 13  
981 50 79 64  
**Estanco Angarela**  
Progreso, 9  
981 50 60 96  
**Electricidade Vilela**  
Avda de América, 34  
981 50 59 00  
**El mundo del pintor**  
Avda. Lugo, 43  
981 50 90 77  
**Espomasa**  
Ctra. Melide-Toques,  
km 8, Toques  
981 50 59 71  
**Establecimientos El Mueble**  
Rda. Pontevedra, 2  
981 50 50 89  
**Eurocadena**  
Cantón de S. Roque, 9  
670 29 29 17  
**Ferretería Noguero**  
Convento, 28  
981 50 50 29  
**Floristería Maru**  
Convento, 9  
981 50 75 80  
**Floristería Strelitzia**  
Cantón S. Roque, 46  
881 81 91 01  
**Floristería Tarrío**  
Amador Rguez, 7  
981 50 61 64  
**Frutas Nati**  
Pol. Ind. A Madanela  
600 44 80 92  
**Fuciños Rivas**  
Rda. da Coruña  
981 50 50 47  
**Imaxina**  
Florentino Cuevillas, 4  
881 95 70 87  
**Imprenta Meligraf**  
Rúa Galicia, 26  
981 50 62 56  
**Intres Fotografía**  
Avda. de Toques, 2  
881 97 42 24  
**Jim Sports Technology**  
Madanela S/N  
981 50 64 34  
**José Xaneiro**  
Avda. Toques, 57  
981 50 53 35

**Joyería Oro Ley**  
Rúa de San Pedro, 14  
981 50 54 68  
**Joyería Silvela**  
Rda. da Coruña, 40  
981 50 59 97  
**La Cortina**  
Avda. Lugo, 43  
981 50 63 58  
**Laia Zapateiros**  
Praza Convento, 4  
626 25 20 54  
**Leiva Motosport**  
Rda. da Coruña, 52  
981 50 73 34  
**Librería Cousas**  
Avda. da Habana, 29  
981 50 57 75  
**Librería Victorio**  
Taboada Roca, 1  
981 50 50 55  
**M&M Moda**  
Rda. da Coruña, 58  
981 94 24 15  
**Magnín**  
Rda. da Coruña, 32  
881 99 84 49  
**Marvi**  
Rúa do Convento, 16  
981 50 71 94  
**Medusa Moda**  
Rda. da Coruña, 26  
881 97 82 79  
**Melimática**  
Otero Pedrayo, 6  
981 50 78 81  
**Mis mejores labores**  
Avda. América, 3  
657 43 56 99  
**Mobles Ares**  
Rda. da Coruña,62  
981 50 55 64  
**Modas El Dándolo**  
Convento, 15  
981 50 63 70  
**Muebles Paula**  
Crta. Lugo, km 46,  
981 50 57 34  
**Muxica Tenda**  
**Xoven**  
Rúa do Convento, 36  
981 50 63 66  
**Óptica Abal**  
Rda. da Coruña, 16  
981 50 60 97  
**Óptica Melide**  
Rúa do Convento, 17  
981 50 54 67  
**Óptica Novalux**  
Rda. da Coruña, 20  
981 50 51 99  
**Ortopedia OrtoSaúde**  
Rda. Pontevedra, 16  
981 50 78 74  
**Panadería e Pastelería Toques**  
Avda. de Lugo, 31  
981 50 51 81  
**Pastelería Estilo**  
Rúa do Progreso, 6  
981 50 51 53  
**Pastelería Triskel**  
Novoa Santos, 32  
981 50 50 98  
**Perfumería Lyss**  
Rda. da Coruña, 44  
981 50 76 84

**Pescados e Mariscos Manolo**  
Rosaleda, 10  
629 81 20 29  
**Ramón Cabado**  
Avda. Toques, 30  
981 50 51 37  
**Ramón Pampín Bango**  
Rda. de Pontevedra,105  
981 50 75 26  
**Recambios Sando**  
Avda. de Lugo, 10  
981 50 54 19  
**Recambios Vulcano**  
Avda. de Lugo, 99  
981 50 62 18  
**Ribeirao**  
Convento, 12  
981 50 50 18  
**Romero Zapaterías**  
Rda. da Coruña, 29  
981 50 53 56  
**Rubén Pacior S.L.**  
Pol. Madanela, 100-102  
981 50 70 11  
**Sanoguera Fotografía**  
A Casilla, 1 - Moldes  
622 22 28 10  
**Sisuka**  
San Pedro, 5  
881 97 58 62  
**Sport Moda**  
Cantón de S. Roque, 38  
981 50 76 17  
**Stardemoda**  
San Pedro, 10  
626 56 49 02  
**Sueños**  
Alexandre Bóveda, 2  
981 50 71 87  
**Suministros Industriales Cire**  
Pol. Madanela, 22  
981 50 79 54  
**Supermercados Gómez**  
Amador Rodríguez, 3  
981 50 70 27  
**Tu Boutik**  
Rda. Pontevedra, 61  
881 05 63 94  
**Zapatería Pequeños**  
San Pedro, 4  
981 50 79 66  
**Xebre**  
Mateo Segade, 1  
981 50 57 23  
**Xoiería Roval**  
Alexandre Bóveda,12  
981 50 54 31

### CONSTRUCCIÓN

**Barreiro Lodeiro, J.**  
Baltar, Melide  
981 51 53 86  
**Const. M. Espiño**  
Concepción Arenal, 5  
981 50 77 29  
**Const. Leonardo Miguélez**  
Santa María, Melide  
981 50 52 73

**Const. Pichel Hnos.**  
Avda. Estación, 2, Lalín  
986 78 07 59  
**Cubiertas Hermanos Blanco**  
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.  
O Barco de Valdeorras  
988 33 52 94  
**Excavaciones Paradela**  
Ribeiro,s/n  
981 50 55 92  
**Hijos de Casal Mariño**  
E. Álvarez Carballido, 1  
981 50 53 10  
**Hormigones Carral**  
Sta. María de Veira,  
As Travesas, Carral  
981 50 50 25  
**Hormigones Myhnor**  
Pol. Ind. A Madanela,  
Parcela 30  
981 17 36 16  
**Marmolería Melide**  
Gosenxe, Ribadulla,  
Santiso  
981 50 55 18  
**Química Industrial Proquintas**  
Pol. Ind. A Madanela  
981 50 53 00  
**Revestimientos Rifer**  
Avda. de Lalín, 26  
981 50 71 16

### HOSTALERÍA

**Bodega Curros**  
Rda. de Pontevedra,18  
981 50 59 68  
**Casa Alongos**  
Camiño Vello Stgo. s/n  
619 22 93 34  
**Café Chaplin**  
Cantón de S. Roque,17  
981 50 53 55  
**Cafetería M40**  
Cantón de S. Roque, 40  
981 50 73 44  
**Cafetería Stop**  
Rúa da Cátedra, 1  
Esquina San Antonio  
**Dúas Rúas**  
Rúa Principal, 5  
600 69 99 44  
**Espectáculos Ángel Seoane**  
Avda. da Habana, 15  
981 50 53 28  
**Hotel Carlos 96**  
Avda. de Lugo, 119  
981 50 76 33  
**O Tobo do Lobo**  
R/Luis Seoane, 8  
981 50 77 73  
**Parillada O Carburo**  
Villamor, Toques  
981 50 49 07  
**Parrillada Rúa**  
Avda. de Lugo, 50  
981 50 60 76  
**Parrillada Pilmar**  
Santa María  
981 50 76 17  
**Pazo de Eidián**  
Eidián, 5 Agolada  
986 68 25 45

**Pulpería Ezequiel**  
Cantón de S. Roque,46  
981 50 52 91  
**Pulpería Taboada**  
Avda. Lugo, 22  
981 50 74 26  
**Xamonería Garceiras**  
Gaiteiros Garceiras, 1  
608 975 776

### SERVIZOS

**Academia Besbello**  
Rúa San Antón, 5  
981 50 52 52  
**Albergue Vilela**  
Rúa San Antón, 2  
616 01 13 75  
**Annic Difusión**  
Rda. Pontevedra, 63  
981 94 38 94  
**Avogados Ana Pernas & Miguel Fernández**  
Luis Seoane, 2  
981 506 455  
**Clínica Dental Ana Marcos Cardo**  
Rda. da Coruña, 31-1º B  
981 50 57 05  
**Clínica Dental Karim**  
Rda. Pontevedra, 32  
981 50 62 44  
**Estación de Servicio Corredoiras**  
Corredoiras, 14,  
Boimorto  
981 51 60 04  
**Eva Novás abogada**  
Rúa San Antón, 5  
981 50 72 17  
**Extractores Villamor**  
Cantón de S. Roque, 8  
648 25 31 33  
**Fisioterapia Lili**  
San Pedro, 16  
981 50 72 06  
**Fisio-Vida**  
Florentino Cuevillas,16  
981 50 70 47  
**Gasolineira Bocelo**  
Avda. de Lugo  
981 50 62 50  
**Hardgalicia - "R"**  
Rúa do Convento, 4  
693 77 88 66  
**Intermax Technology**  
Rúa Folicheiro, 20  
902 908 737  
**Mofitel Comunicac.**  
Santiago de Compostela  
693 62 21 85  
**Skala Peluqueros**  
Almirante Brown,19-21  
981 50 59 03  
**Parafarmacia Cantón**  
Cantón de S. Roque, 28  
981 93 73 50  
**Perruquería Santín & Amo**  
Cantón de S. Roque, 38  
Entrechán  
650 43 63 75  
**Servinet**  
Vitoriz, s/n  
697 89 24 66

**Tecnamelide**  
A Madanela, parc. 80  
981 50 63 88  
**Xanela Ocio**  
Rosalia de Castro, 12  
634 24 34 69  
**Yethi Carburantes**  
Cruce campo de fútbol  
982 38 00 71

### TALLERES

**Autos Mar**  
Pol. Madanela, 8-9  
981 81 53 36  
**Desguaces Lual**  
O Coto (Melide)  
981 50 73 52  
**Melicar**  
Avda. de Lugo, 95  
981 50 76 25  
**Motor Melide**  
Pol. Ind. A Madanela  
981 50 70 31  
**Neumáticos Melide**  
Avda. Lugo, 129  
981 06 57 00  
**Talleres Leiva**  
Madanela, Melide  
981 50 52 11  
**Talleres Mejuto**  
Sta. María, Melide  
981 50 59 99

### SOCIO COLABORADOR

**Mª Carmen Carreira Simón**  
Rda. da Coruña, 50 - 1º  
981 50 52 80  
**La Caixa**  
Alexandre Bóveda, 1  
881 03 08 20  
**Banco Sabadell**  
Rúa do Convento, 13  
981 50 52 50

### TRANSPORTES

**Cabado Rguez, J.R.**  
Pezobrés s/n, Santiso  
981 51 77 89  
**Nutripor S.A.**  
Pol. Madanela, 18-19  
981 50 64 70  
**Rey Sánchez S.L.**  
Emilio Campoamor, 2  
981 50 60 29  
**Transportes Sierra**  
Pol. Ind. Madanela,  
parcela 79  
981 51 58 18  
**Transportes Zas**  
Palas de Rei  
982 18 34 04  
**ENXEÑERÍA**  
**Javier López López**  
Xosé R. Fdez. Castro, 6  
981 50 54 82



## centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**

A promotional graphic for Ópticastábora. It features a close-up of a woman with short blonde hair wearing black-rimmed glasses. The background is a blurred outdoor setting. Text is overlaid on the right side of the image.

**2 GAFAS  
GRADUADAS  
97€**

OPTICASTABORA.ES

**ÓPTICastábora**

REXCE ÓPTICA

E. 15-001238

REXCE AUDIOPRÓTESIS

E.15-001241

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

## “Ruralizarte” o programa de Rubén Riós chega a Melide na súa segunda edición



“Ruralizarte” promociona o leite 100% galego



Presentación do programa “ruralizarte” en Orois (Melide)

Buscase unha nova xeración de artistas galegos! , así o presentarán en Orois (Melide) nun paraxe único e nunha roda de prensa tamén única como describía Rubén Riós, “que mellor que respirar o aire das nosas aldeas”.

As consellerías de Política Social e Medio Rural a través das direccións xerais de Xuventude, Participación e Voluntariado e de Gandeiría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, respectivamente, en colaboración cos concellos de Melide, Riós e Palas de Rei poñen en marcha o programa “Ruralizarte” no que poden participar os que así o desexen no casting en liña en-

viando un vídeo e a ficha de inscrición ao correo electrónico : [ruralizarte2017@gmail.com](mailto:ruralizarte2017@gmail.com)

Ruralizarte é unha plataforma para dar a coñecer o talento da xuventude galega dunha maneira natural e entretida, co obxectivo de fomentar a creatividade das nenas e nenos tomando por contexto o noso rural.

Tomando Galicia como plató, 14 nenos e nenas convivirán en distintos puntos do rural, en 3 albergues xuvenís, amosando os seus dotes creativos, guiados por expertos das diferentes disciplinas, recibirán sorpresas moi especiais.

Un grupo de participantes convivirán en Melide e o outro grupo en Palas de Rei. Despois desta convivencia, os dous grupos xuntaranse en Riós, escenario da X edición do Festival das Artes escénicas, onde darán os seus últimos pasos. Despois de completar a súa formación, relacionarase cos artistas convidados do festival podendo ensaiar todo o aprendido no lugar elixido para o seu gran debut artístico: “o escenario da ruta do talento”, máis información na páxina: <http://xuventude.xunta.es/ruralizarte>.

## Adxudícase o tramo Palas-Melide da A-54



O Ministerio de Fomento adxudicou por 70,87 millóns de euros as obras de construción do tramo da autovía A-54 (Lugo-Santiago) entre Palas de Rei e Melide con dez meses de atraso. A licitación da primeira adxudicación estaba en 121,6 millóns brutos, co que a baixa da actual adxudicación supón o 30% do custo final. O tramo contratado é de 11,7 quilómetros e Fomento anuncia que en breve adxudicará o outro tramo aínda pendente, os 17 quilómetros entre Melide e Arzúa. Desta maneira, desde o ministerio esperan que neste mesmo ano xa estea en construción todo o trazado aínda sen terminar da A-54, que inclúe o actualmente en obras entre Arzúa e Lavacolla. O trazado adxudicado agora por Fomento discorre ao sur da actual estrada N-547, cun trazado en parte que vai paralelo, aínda que a medida que se achega a Melide vaise afastando. A orixe do trazado desde Palas é o punto no que agora termina o trazado que vén de Guntín e o final en Melide faise na zona sur, no cruzamento coa AC-840, que une con Agolada. Os 11,7 quilómetros da autovía ademais dos concellos citados tamén discorre polo coruñés de Santiso. Constará de dúas calzadas con dous carrís de 3,5 metros cada un, beiravías exteriores de 2,5 metros e interiores dun metro, e mediana de 9 metros de ancho. Haberá tramos limitados a cen quilómetros por hora. O proxecto inclúe dúas ligazóns. Un en Melide Sur, co citado cruzamento da estrada AC-840; e outro en Remonde (Palas de Rei), no cruzamento cunha vía local que comunica coa N-547 e que dará servizo ao polígono industrial da Ma-

danela (Melide).

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) loitou no seu mometo e con apoio dos seus socios para que o polígono da Madanela tivera un enlace directo coa futura autovía Lugo-Santiago.

O actual proxecto, que está en fase de redacción, contempla as saídas que nomeamos con anterioridade pero non esta unha á altura do campo de fútbol municipal (que daría acceso ao casco urbano) e outra en Remonde, situada no concello de Palas de Rei e a máis de 6 quilómetros do polígono da Madanela. Ningunha das dúas opcións convence ao empresariado de Melide, para quen o parque industrial, en tanto que é un dos motores económicos da comarca, debe ter mellores conexións.

É por iso que Asetem por aquel entoces tomou a iniciativa dun grupo de socios para presentar unha solicitude e demandar que se construíra un enlace directo á altura de Vimianzo (no Concello de Santiso) e se aproveitase parte da estrada que xa conecta dito lugar coa Madanela. Esta opción deixaría o polígono a tan só 1,5 quilómetros da autovía e reduciría notablemente a distancia que contempla a saída de Remonde. Ao mesmo tempo, evitaría que os vehículos pesados tivesen que atravesar o centro de Melide en caso de utilizaren a conexión situada nas inmediacións do campo de fútbol, pero a pesar das protestas e da súa petición non se chegou a facer esta saída por o que a comunicación co polígono dónde se asentan numerosas empresas de gran volume industrial non contará con este enlace.

## Un informe da UE pon en cuestión a calidade das augas na praia fluvial

O Partido Socialista de Melide fíxose eco recentemente dun informe elaborado pola Axencia Europea de Medio Ambiente que non deixa quedar en moi bo lugar a praia fluvial de Furelos. Segundo o PSOE dito estudo, que versa sobre a presenza de contaminación fecal en zonas de baño, sitúa no chanzo máis baixo a calidade das augas da área recreativa e outórgalle a cualificación de “pobre” nunha escala con catro niveis: pobre, suficiente, boa e excelente.

Este dato fixo acender as alarmas dos socialistas, que veñen denunciando reiteradamente a existencia en diferentes puntos da rede de saneamento de vertidos que acaban chegando ao Furelos. O último deles producíase en non fai moitos meses na estación de bombeo situada a carón do instituto.

Non obstante, o informe da UE contrasta cos datos derivados das análises realizadas pola Xunta de Galicia, quen están a estudare cualificar se a praia pode ser aberta o baño como “boa” a calidade das augas nesa zona”.

A Xefa territorial de Sanidade, Cristina García xunto con persoal técnico desprazouse a Melide co fin de analizar a última calificación da auga que se desprende das análises do Río

Furelos; A alcaldesa Dalia García, expusolles a situación actual do río, así como intereseuse polas variables que se miden nos estudos de saúde

*Dalia García: “seríamos uns inconscientes se abrísemos a zona ao baño sen ter autorización”*

pública co fin de detectar as causas de dita calificación. A zona de baño é unha área con correntes moi lentas o que fan que esta zona sexa moito máis favorable á hora de acumular lodos ou outro tipo de subs-

tancias que de non ser o caso discorrerían con normalidade polo leito do río evitando a sobrecarga de residuos que podían danar a calidade da auga da zona de baño. A Alcaldesa instou ás autoridades competentes a que estas analíticas se realicen nun período de tempo moito máis reducido co fin de poder controlar e ao mesmo tempo coñecer cales son as causas ambientais que poden ser determinantes para dita calificación. Dende Sanidade, así como outros departamentos da Administración autonómica teñen xa recabado información suficiente sobre todas as construcións que se encontran preto do cauce do Río Furelos na zona de baño así como outras actividades que afectan a conca.



A Xunta obriga a informar aos bañistas sobre a calidade das augas

## Gran éxito de vendas na XXVI Festa do Melindre é da repostería tradicional



Touriñan foi o pregoeiro da Festa do Melindre

Melide viviu a xornada máis doce do ano coa celebración da XXVI Festa do Melindre, entre os seus principais actos, incluíu o do nomeamento de nove novos embaixadores.

Estes novos valedores da repostería tradicional melidense son, a presentadora e modelo Silvia Jato; así como Alberto Granados, xornalista e escritor que actualmente dirixe Aquí en la Onda en Onda Cero Madrid, xunto á directora da Escola de Hostalería e Turismo de Viana do Castelo, Cristina Félix, a docente e chef estrela Michelin e membro do Grupo Nove Beatriz Sotelo; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; a xornalista

galega Belén Baños, o motoclub melidense Milli Riders e Pablo Prieto, membro da Federación Galega de Fútbol. A entrega dos títulos foi ás 12 do mediodía na casa consistorial, nunha recepción presidida pola alcaldesa de Melide, deseguido Marta Doviro foi a encargada de guiar o acto de recollida e nomeamento público de cada un dos embaixadores nunha praza repleta de público na que levouse a cabo a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do presentador e humorista Xosé Antonio Touriñan.

A Asociación de reposteiros Terra de Melide fai un balance satisfactorio.

**B  
R  
E  
V  
E  
S**

### Melide co deporte



Esta fin de semana pasada en Melide adicámonos ao Deporte. Melide acolleu a celebración do Campionato intermunicipal de fútbol sala.

### Corpus cristi



O próximo sábado 17 de xuño os voluntarios que queiran axudar á confección das alfombras do corpus cristi 2017 poderán facelo a partir das 11.00 h na Praza do Convento.

### Curso de tapas



Nova proposta formativa, fresca, interxeneracional, divertida...esto e o que fixeron os participantes do primeiro Curso de Tapas.

## A gala solidaria do Combo recadou máis de 13 toneladas de alimentos

“Sentímonos moi orgullosos desta gala porque sempre trae boas novas”, comentaba a alcaldesa de Melide, Dalia García, poucos días antes de que a vila acollese un ano máis a Gala Solidaria do Combo Dominicano. O prognóstico, malia ser acertado, quedouse curto: as novas foron excelentes e a cuarta edición deste evento, organizado pola Asociación de Hostalería en colaboración co Concello, conseguiu reunir a 3.500 persoas o 13 de Maio e recadar 13 toneladas de alimentos non perecedeiros para familias necesitadas, unha tonelada e media máis do que se xuntou o ano pasado.

Rematada con éxito a gala, agora é cando comeza o traballo desa outra parte implicada neste proxecto solidario: Cáritas parroquial de Melide, que será a entidade encargada de repartir a metade dos alimentos recollidos entre aproxima-



Membros da organización da Gala Solidaria

damente 40 familias do concello con necesidades. A outra metade será distribuída pola Fundación Amigos de Galicia.

Dende a ONG melidense destacan a importancia do evento “non só por recadar alimentos, senón por fomentar a solidariedade entre a xente nova, que ao mellor non é realmente consciente do que está

pasando”. Estiman que os produtos doados pola poboación alcanzarán ata o mes de decembro. A isto súmanselle os 1.770 euros que Cáritas Melide recadou o domingo de Corpus nas tres mesas instaladas na vila. Neste caso os cartos irán destinados a pagar facturas en situacións de urxencia e axudar os máis necesitados.

## Culpan a trinta vacas por a contaminación do río

A causa de contaminación do río Furelos nos últimos días son os excrementos de máis de trinta vacas que eran conducidas polos seus propietarios entre Melide e Toques, isto aconteceu no lugar de Petos, moi preto da praia fluvial, que resultou afectada polos fortes lodos e as deposicións dos animais. Así o denunciou a Asociación de Troiteiros Río

Furelos. Interveu e levantou acta Augas de Galicia a instancias deste colectivo e do Concello de Melide.

O río Furelos leva arrastrando problemas de contaminación de este tipo dende fai anos. Desde a Asociación de Troiteiros piden colaboración veciñal para que estes actos non se repitan e o río permanezca limpo en beneficio de todos os veciños.



## Campamentos de verán

**Xa está aberto o prazo de inscrición dos campamentos que reforzan a conciliación laboral e familiar.**

Finaliza o ano académico e abren as súas portas os campamentos urbanos que programan a maioría dos concellos para ofrecer unha fórmula de conciliación aos pais con fillos en idade escolar que aínda non pode gozar das ansiadas vacacións de verán. Os campamentos urban da cabeceira de comarca estenderanse ata o 12 de Agosto, xa que sempre se adianta a mediados de este mes a finalización do programa de conciliación porque nesas datas arrincan as festas grandes. Establécese un pago semanal de 15,50 euros, aos que se aplican descontos no caso do segundo irmán, e as semanas con días festivos por medio. A diversión, o entretemento, a aprendizaxe e o desenvolvemento integral da personalidade dos escolares son os obxectivos que tamén se marcaron alcanzar a través do programa de conciliación, no que se avanzará cara a esa meta a través de xogos deportivos, inglés lúdico, baile, clases de cociña, informática, reciclaxe e dos diferentes talleres programados nesa actuación.

**Máis información no departamento de Igualdade e Benestar.**

**Verán de Aventuras**  
Campamento Urbano Melide

**Programa de actividades:**  
 - Xogos deportivos  
 - Inglés lúdico  
 - Reciclaxe  
 - Baile  
 - Xogos de mesa  
 - Cociña  
 - Xogos de cartas  
 - Informática  
 - Actividades de expresión

**Bases:**

- 1°. Destinatarios: Para nenos/as de 3 a 12 anos.
- 2°. Prazo de inscrición: Desde o día 1 de maio ata o día 27 de maio.
- 3°. Horas e horario: Trázanse lugar desde o 28 de maio até o 31 de agosto, en horario de 09:45 a 14:15 de luns a venres e suspensión dos días festivos.
- 4°. Inscripción: A inscrición deberá visitarse por escrito na escola municipal e presentarse ao rexistro do Concello de Melide.
- 5°. Lugar de celebración: ESP Nº 1 de Melide.
- 6°. Horas e horario: No momento da inscrición poderá seleccionarse o horario das actividades segundo o número de inscricións.
- 7°. Inscripción de nenos/as: A inscrición de nenos/as farase tanto ao porta directamente a través do servizo de actividades.
- 8°. A taxa de inscrición deberá ingresarse segundo a modalidade de inscrición.

**Prezos:**

1 semana de 5 días: 15,50 € - 2ª semana: 12,75 €  
 1 semana de 4 días: 12,40 € - 2ª semana: 9,60 €

## Bandos municipais que apelan á responsabilidade

Coa chegada do verán e as altas temperaturas o Concello de Melide insta á veciñanza a colaborar para que os contedores de lixo non se convertan en focos insalubres e con malos cheiros. Con ese obxectivo a concellería de Medio Ambiente publicou un bando no que recorda a obriga de tirar o lixo en bolsas debidamente pechadas e sempre a partir das 8 da tarde. Do mesmo xeito lémbrales aos propietarios de parcelas próximas a vivendas que deben mantelas libres de maleza para evitar incendios. O incumprimento desta norma conleva sanción económica. Ademais, serán os propietarios dos terreos os que teñan que asumir o custo dos traballos de limpeza en caso de que sexa o Concello quen os realice.

## A Banda de Visantoña déixase levar

Inauga unha exposición con motivo do 140 aniversario

A Banda de Música de Visantoña en Santiso estivo de aniversario con unha celebración por todo o alto. Cumpre 140 anos, o que a converte nunha das máis antigas de Galicia. Con este motivo, na vella Casa do Concello inaugurouse unha exposición retrospectiva, na que se repasa a historia da agrupación a través de fotografías, documentos históricos e partituras da centenaria agrupación musical. Á inauguración asistiron o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e a responsable da área de Cultura, Goretti Sanmartín. O acto, que estivo aberto a todos os veciños de Santiso, contou tamén cun concerto a cargo dos actuais membros da histórica Banda de Música. Valentín González destacou «a longa tradición» da agrupación de Visantoña, e felicitou aos seus integrantes «por manter vivo un importante legado musical e cultural que iniciaron os vossos avós e que hoxe mantense grazas á ilusión das novas xeracións». Goretti Sanmartín,



A banda de Visantoña no seu 140 aniversario

vicepresidenta da Deputación, eloxiou o traballo realizado por todas as familias de Santiso para que a Banda «siga sendo hoxe un referente na provincia» e desexoulles «outros 100 anos levando a súa música a todos vos recunchos de Galicia». A Banda de Música de Visantoña formouse no ano 1877 baixo o mecenado do dono do Pazo de Vilar de Ferreiros. Desde entón, centos de veciños da localidade e

doutros concellos próximos formáronse musicalmente tanto na agrupación como na escola de música de Santiso. A formación está integrada na actualidade por corenta músicos e ofrece numerosos concertos en toda Galicia. A Banda conta co apoio económico da Deputación da Coruña a través das liñas de subvencións ás entidades culturais e doutras iniciativas como a Rede Cultural.

### HISTORIA DA BANDA

Santiso foi desde sempre unha terra de profunda tradición musical. Os primeiros datos de formacións musicais na zona aparecen a finais do século XIX, e desde ese momento, e ata hoxe, ten un papel fundamental a Banda de Música de Visantoña. A Banda de Música de Visantoña naceu baixo o mecenado do dono do Pazo de Vilar de Ferreiros, edificio histórico sito nesta mesma parroquia, e que polo ano 1877 e a propósito de que o fillo dun dos seus caseiros, Ramón López Soto, regresase do servizo militar cunhas nocións de música, encomendoulle a tarefa de formar unha banda. O fundador da Banda de Música de Visantoña conseguiu facer a súa primeira actuación, e desde ese día ata hoxe, con moitas dificultades pero con moita ilusión e empeño, chegouse á Banda de Música de Visantoña tal e como se coñece na actualidade, contando durante esta trayectoria cunha decena de directores. Neste

percorrido histórico tivo unha importancia transcendental a figura de D. Eugenio Pazos Reyes o cal estivo como director á fronte da Banda de Música de Visantoña durante case corenta anos (1955-1994), ao longo dos cales, e debido á súa firme convicción de que a continuidade e a subsistencia da Banda de Música pasaba inevitablemente pola educación musical, dedicouse, ademais de a dirección, a formar musicalmente, xeración tras xeración, por centos de alumnos e alumnas da nosa comarca, algúns dos cales chegaron a dedicarse profesionalmente ao mundo da música tras continuar os seus estudos en conservatorios profesionais desta e outras comunidades autónomas, e nos últimos tempos, mesmo no estranxeiro. Todo isto motivou que desde o ano 2008 a Escola de Música que forma a "canteira" da banda, leve o seu nome como recoñecemento ao seu extraordinario labor. Da man da banda de

música camiña a Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantoña, a cal nace no ano 1990 coa finalidade de garantir a continuidade da Banda de Música de Visantoña e que se configura como a titular da mencionada Escola de Música Eugenio Pazos Reyes, escola que conta desde o ano 1998 co recoñecemento como Escola de Música dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O obxectivo da devandita escola é mellorar a educación musical e os valores culturais, e implantar unha sólida formación de base que permita o fortalecemento dos primeiros pasos no mundo da música, e para iso desenvolve unha oferta ampla e diversificada de educación musical, sen límite de idade, con clases continuas durante seis días á semana no local de ensaios de Visantoña, neste ínter conta con 40 alumnos e alumnas da contorna e outros concellos limítrofes.



Exposición da banda de Visantoña no seu 140 aniversario



Membros da banda de Visantoña



Concerto da banda de Visantoña no seu 140 aniversario

## CLAUSURA DAS ESCOLAS DEPORTIVAS

O tempo non nos advirte da chegada do verán, pero a fin das escolas deportivas si. Todos os concellos da comarca deron por rematadas as actividades do curso 2016/2017 con festas e galas de exhibición nas que se deu conta de todo o aprendido.

O día 27 de maio foi a quenda de Toques, que celebrou un festival lúdico no pavillón de Souto onde os karatekas expuxeron as súas catas e kumites, o alumnado de tenis os seus golpes de drive e revés e os grupos de patinaxe representaron varias coreografías. A actuación de peche foi para os maiores da ximnasia de mantemento, que realizaron un baile ao son da música. Tal foi o éxito que o público presente nas bancadas pediu unha repetición. Tralas exhibicións houbo tempo para unha merenda popular e para a maxia.

Tamén Santiso puxo fin ás actividades deportivas e culturais cunha xornada de xogos populares e de habilidade na que participaron arredor de 70 persoas entre o alumnado do CEIP



Alumnos de Arcediago e os adultos das diferentes parroquias que participaron ao longo do ano nos talleres de memoria e de ximnasia de mantemento.

## Doazón de sangue en Sobrado e Toques

A Unidade Móbil de Doazón de Sangue desplazarase a Sobrado o martes 20 de xuño. O horario para poder doar sangue será de 16,00 a 21,00 horas dita unidade estara ubicada ó lado da Casa do Concello e o mércores 21 a unidade móbil no mesmo horario desplazarase o concello veciño de Toques tamén en frente do Concello. Non esquezas:

- Levar o DNI
- Non acudas sen almorzar e despois do xantar espera 2 horas
- Informa ao médico se estás a tomar algún medicamento.



## CAMPAMENTO DE VERÁN DE TOQUES

O Concello de Toques oferta 30 prazas para participar no Campamento de Verán, actividade lúdico-recreativa que ten lugar nas Instalacións Municipais de souto. A duración do campamento será de cinco semanas, comezando o 26 de xuño e rematando o 28 de xullo. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas con data de nacemento comprendida entre os anos 2005 e 2013. O custo total por participante é un prezo de 30 €, os cales serán aboados na conta bancaria que se determine, unha vez concedida a praza, para o cal os interesados deben chamar por teléfono ao 626445816 a partir do 19 de xuño (desde as 9:00 ata as 14:00). Cando se realice o aboamento no banco debe indicarse a seguinte información: Nome e apelidos do neno/nena e o texto "Campamento de Verán" Unha vez realizado o ingreso bancario o interesado deberá entregar nas oficinas do concello o xustificante bancario para adxuntar á solicitude e o proceso de inscrición darase por finalizado.

## Festas da 3ª idade na comarca Homenaxe aos nosos maiores

### TOQUES

Ao xantar de confraternidade dos maiores de Toques acudiron preto de 400 persoas. Sorteouse unha cesta entre os asistentes, agasallos e houbo baile.



### SANTISO

Coincidindo coa celebración de Toques, o Concello de Santiso homenaxeou tamén á terceira idade. Ademais do xantar entregáronse varias placas de recoñecemento.




### MELIDE

En Melide asistiron 700 persoas á comida da 3ª idade. A xornada comezou ás 13:00 cunha misa e rematou con música ás 20:30.



## Tu Bouyik

- Ropa de caballero
- Prendas de punto para mujer
- Especialistas en ropa de cerimonia
- Trajes de novio



Ronda de Pontevedra, 61  
15800 Melide (A Coruña)  
Telf. 881 956 394

## AVOGADAS

**ANA MATO SALGADO**  
R/ Xesús Carro, 15 - 2º  
MELIDE

**IRIA EXPÓSITO CAMBA**  
Praza de Sto. Domingo, 28 - 3º  
LUGO

Tfils.: 671 833 425 / 605 27 02 82

**Laboral Penal**  
**Herdanzas Divorcios**  
**Hipotecas Cláusulas chan**



## intres FOTOGRAFIA

"Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma saíra á luz"  
Steve McBurry

[www.intresfoto.es](http://www.intresfoto.es)  
Tlf. 658 663 898 / 881 974 284  
Avenida de Toques, 2



¿Quiere dormir tranquilo?

**Plagostel**  
NRS10077-GAL-SP01  
seguridad e higiene alimentaria  
[www.plagostel.com](http://www.plagostel.com)  
698 163 399

Plagostel

## Longa traxectoria de Clube Ciclista Melidense

Ala no 1992 en melide , no cerne da nosa Galiza , da man dunha grupeta de rapaces que compartían a mesma afección , nace o C.C Melidense.

A unión e a ilusión promete , no ano 1993 xa son un club federado , as ideas fluén polas súas cabezas , as bicis voan de un lado para outro por a comarca de Melide. Neste mesmo ano , ( ano Xacobeo ) varios integrantes do clube realizan o primeiro Xacobeo , percorrendo a ruta francesa desde Roncesvalles a Santiago de Compostela . Despois de esa primeira experiencia van xurdindo outras inquietudes , como son as marchas cicloturistas , tanto a nivel rexional como nacional , ( Bilbao, Puerto Esmeralda , Lagos de Covadonga , Perico Delgado , Ézaro , Quebrantahuesos...).

Marchas de portos típicos da nosa xeografía , tendo que salvar percorridos dende 120 a 230 km, isto esixe ter que rodar e entrenar duro , de 6000 a 10000 km anuais, dependendo do tempo e a dedicación de cada un de nos .

Tamén foran estes rapaces quen fixeran está marcha cicloturista durante tres anos consecutivos , pero por motivos ... deixase de organizar .

Todo isto faise lavadeiro con moita dedicación e comprensión por parte dos seus familiares , xa que son moitas horas e días de entreno , pois o ciclismo e un deporte duro de loita constante , contra as inclemencias do tempo , ( frío , calor , vento...),os porcentaxes de desniveis e altitude dos portos , ou os mesmos compañeiros que as veces son de axuda as veces convértense nos teus propios rivais , tamén compre destacar que nas estradas non somos sempre ben vistos por outros usuarios de estas .

Pero todas as penas afoanse coa ilusión de sair a ro-

dar e chegar a meta ou a casa sen ningunha novidade.

Isto e a vida do cicloturista , como a propia palabra di , andamos na bici e facemos túrismo ( as veces túrismo gastronómico ).

Queremos agradecer a quen colabora sempre con nos : distintos organismos e como non , os nosos sponsor que dende o primeiro ano xa fomos quen de ter o nosa propia equipaxe , podendo lucir por a nosa xeografía o nome da nosa vila ( sponsor que nos acompañaron nas distintas tempadas... ) Agradecer en especial a colaboración do veciño de a pulpería Garnacha , que nestas dúas últimas tempadas implicouse ó cn por cen.

E así , ano tras ano . e ata o día de hoxe , sendo un clubes en ningún ánimo de lucro e sen ningunha ideoloxía , simplemente un grupetas de los "chalados" da bicicleta.

Neste ano ademáis de míticas probas estamos a cumprir o 25 aniversario , e surxe a idea de facer una ruta un pouco máis especial . Unir pedalada tras pedalada , dúas portas santas , Roma – Santiago de Compostela , pasando por Lourdes. Pensamos que será difícil e duro , pois isto conleva un elevado desgaste físico para xente como nos . a comprensión das nosas familias e abandonar un tempo os nosos postos de traballo , xa que temos previsto que a aventura dure 30 días. De novo , agradecer a colaboración das nosas casa publicitarias , que falando do tema económico bótannos una man para ver realizado o noso "camino en espíritu everdade " .

Está e a mensaxe dun club modesto que quere seguir a rodar outros 25 anos máis . Por iso pedimos comprensión e respeto na estrada , xa que somos a parte máis fráxil, non máis atopelos , non mais vagoas , gracias.



Os membros que forman o C.C Melidense cos seus cativos lucindo nova equipación



Dorsais das probas nas que participaron na súa longa traxectoria



## "Muñequeira de arqueiro"

Por segunda vez o Museo de Melide bota man dunha peza arqueolóxica procedente do Castro do Codesal (Lugar dos Curros, parroquia de Santa María da Capela, Concello de Toques



Muñequeira de arqueiro procedente do Castro Codesal Concello de Toques



Así se utilizaba a Muñequeira de arqueiro

Nesta ocasión amosamos unha peza de pequeno tamaño pero relevante, posto que se trata dun tipo de obxecto do que non hai demasiados exemplos expostos noutros museos de Galicia. Estamos a referirnos a un brazal de arqueiro, datado na Idade do Ferro (Cultura Castrexa, que se desenvolve groso modo entre os séculos VIII a.C. e o II-III d.C.).

Consiste nunha pequena placa lítica (realizada en cuar-

cita), de forma rectangular e aplanada, que presenta unha perforación pasante nun dos seus extremos e de dous entalles laterais no extremo contrario, concibidas para a fixación no pulso ou no antebrazo dun arqueiro, mediante correas ou cordaxes. Dese xeito evitaríase que o rebote producido pola corda dun arco non lesionase o brazo do tirador, unha vez disparada a frecha.

Nunha das vitrinas do Mu-

seo, dedicada a ese xacemento, amósase a peza orixinal, e unha réplica da mesma colocada na silueta dunha man, e fixada mediante unhas tiras de coiro. En todo caso compre indicar que dita réplica tampouco está colocada debidamente, posto que habería que situala nunha posición máis retrasada, é dicir na zona correspondente ó antebrazo, pero por motivos de espazo houbo que adaptar dita reprodución ás dimensións do panel.

Tampouco se coñecen con demasiada exactitude os métodos usados para a fixación da peza, posto que estamos a falar de elementos realizados con materiais perecedoiros que non se conservan (debido á acidez do terreo que impide que a materia orgánica se conserve nun intervalo temporal tan amplo), pero é moi probable que estivese inserida ou acoplada a unha muñequeira ancha realizada dunha soa peza de coiro, ou de materias textís. Na réplica do Museo unicamente se lle puxo unha tira estreita de coiro, para simplificar a explicación e favorecer a comprensión, independentemente de se o sistema de fixación ó antebrazo fose máis complexo ou non.

### "O santuario milagreiro de Santa Columba das Pías"

O pasado domingo 4 de xuño tivo lugar a romaría do Santuario das Pías, que se celebra todos os anos coincidindo coa festividade do Pentecostés. Por ese motivo decidímonos a incorporar este texto.

O santuario fúndase a finais do século XVII, ademais de constituírse dunha confraría dedicada ás Ánimas do Purgatorio, nun lugar illado da parroquia de Codesoso no concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña), moi preto da divisoria co concello de Toques. Da importancia milagreira deste santuario xa deron conta Vicente Risco e Amador Rodríguez no "Terra de Melide" do ano 1933, no que falan tanto da romaría que se fai polo Pentecostes como das propiedades curadoras para os males da reuma e das xuntas.

Conta cun interesante conxunto artístico e natural. Ó carón dunha carballeira atópase a igrexa-santuario xunto a dous cruceiros, un carballo centenario e unha fonte santa. Todos eles provistos de propiedades "máxicas" de índole milagreira.

Independentemente da fe que un deposite nestes elementos merece a pena unha visita a un lugar cargado cunha atmosfera tan suxestiva.

O día da festa faise unha procesión polo perímetro exterior da igrexa, á que acode a xente para obter unha graza que sande dunha enfermidade, ou tamén para agradecer a intercesión da santa á hora de curar algún mal ó que se encomendaran con anterioridade.

A diferenza doutros santuarios espallados polo territorio galego, este das Pías é famoso por ser lugar no que se concedía o beneficio das indulxencias plenarias, e tamén porque a diferenza doutros santuarios milagreiros "especializados" nunha determinada doenza, o das Pías é un santuario no que acoden fieis para curarse das máis diversas patoloxías médicas. Por exemplo males da cabeza, dos pés, da gorxa, da vista e das afeccións da pel, entre outras.

A Fonte Santa serve para curar espullas e enfermidades da pel, xunto a outras como as dores de extremidades e das costas, sendo boa para artrite, artrose, reumas e tamén "cabalos" do pescozo.

Tamén é moi destacado o ritual que se fai en torno ó carballo centenario ubicado no flanco sur da igrexa, de porte moi maxestoso polas grandes dimensións que ten (ó redor duns quince metros de altura e considerable grosor). Este carballo presenta unha cruz gravada na súa codia, feita para sacralizalo e que ademais conta cunha pía ós seus pes. A tradición manda encher dita pía con auga da Fonte Santa (que ademais foi bendicida), e dar nove voltas ó redor do carballo e da pía, dándolle un bico ó tronco en cada volta para obter a curación dos males da reuma.



Exterior do Santuario das Pías

## A escola Ayude faise ver en Gijón de novo durante un torneo nacional



Na foto o equipo co olímpico Óscar Sánchez

O fin de semana tivo lugar en Gijón no real centro deportivo covadonga, o torneo nacional por equipos, en categoría absoluta, co mesmo nome, ao que acudía Aron Ayude do Ayude Santiso, coa selección galega. Previo á competición puideron compartir xornadas de adestramento co olímpico de Seul 88, Óscar Sánchez, seleccionador nacional de loita grecorromana. Ao final os puntos achegados por Aron foron decisivos para subirse ao podio en 3º posto, o cal para este deportista aínda junior é mais que un triunfo.



Tfno./fax: 981 50 62 56  
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE  
(A Coruña)  
e-mail: [meligraf@empresagalega.eu](mailto:meligraf@empresagalega.eu)



HOTEL BALNEARIO  
RIO PAMBRE ★★

SAMBREIXO - PALAS DE REI - LUGO

TELF: 982 153 232 / 982 374 135  
679 035 713 / 679 035 714

E-mail: [info@balnearioriopambre.com](mailto:info@balnearioriopambre.com)  
web: [www.balnearioriopambre.com](http://www.balnearioriopambre.com)

**FURELOS 1900 HO**

# GUATEQUE DOS 80's

**16 xuño**  
A PARTIR DAS 22:00H

*un bo maquillaxe,  
un bo peinado,  
un bo traxe...*

*acompañanos  
nesta viaxe no tempo*

*música con*  
**DJ JUAN REICH & MUSIC CARLOS BAU DÚO 80's**  
*música en vivo e directo*

LEGEND CONCELLO DE MELIDE Charamela

Anúnciate no  
**Cerne**

981 50 61 88

[info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

Furelos está de festa durante a fin de semana

Esta fin de semana celébrase en Furelos a Feira de época máis auténtica de toda a comarca. Con actividades para todos os públicos o venres 16 de xuño participa coa ambientación de época un Guateque da década dos 80. Caracterízate e desfruta da música máis oitentera en Furelos este venres 16 a partir das 22.00 h.

## Máis ca deporte: Corremelide de lingua e emocións

No Corremelide hai que correr, o seu nome así o indica, pero quizais a velocidade e as marcas sexan os aspectos menos importantes desta xornada de convivencia dos escolares da comarca arredor do deporte. Unha simple visita ás rúas do casco vello ateigadas de atletas dá idea dos valores que se agochan detrás desta carreira na que o último dos clasificados cruza a liña de meta como se fose o campión, empuxado polos ánimos da multitude e polos aplausos cos que é recibido ante a gran fazaña que acaba de conseguir: simplemente rematar. Corremelide é máis ca deporte; é tamén amor pola lingua en forma de manifesto feito poema e impreso nunha folla de papel: “o galego é a nosa lingua e pode desaparecer, por ese motivo témola que protexer”.



## Máis Camiño e menos costas nunha media maratón que aspira a récord

Nas últimas semanas vimos observando como medra cada día o número de corredores que atopamos adestrando polas nosas rúas, pistas e camiños. Sen dúbida é un dos mellores indicadores do ambiente de expectación que se respira e do interese que esperta a conta atrás de “Os 21 do Camiño”, a media maratón entre Palas e Melide.

Cos seus 21 quilómetros de percorrido sobre a ruta xacobeana, esta carreira organizada pola Asociación Deportiva Cerne conseguiu converterse en moi pouco tempo nun referente a nivel nacional e chega á súa quinta edición, que se celebrará o vindeiro 17 de xuño, cunha importante credencial baixo o brazo: ter sido elixida en 2015 a mellor media maratón de España pola páxina especializada en atletismo Runedia.

A excelencia na organización e a singularidade e beleza



Roda de prensa os 21 no camiño

do traxecto fan a carreira moi atractiva para os corredores. De feito, o número de inscritos medrou ano tras ano e nesta edición a organización agarda acadar o tope máximo de participantes, superando así o récord do ano pasado, que quedou fixado en preto de 700 atletas.

### O percorrido

O percorrido da Media Maratón “Os 21 do Camiño”, pódese cualificar como “rompepernas”.

Combinando firme de asfalto e terra, no total acumulado descéndense 100m (329m de ascensión e 432 de descenso).

O punto máis alto atópase a 3km da saída de Palas de Rei (604m de altitude), e o punto máis baixo está na Aldea de Furelos (397 metros), situada a 1200m da meta de Melide.

O percorrido pódese cualificar como “espectacular”. Transcorre polo Camiño Francés a Santiago de Compostela, con moitos kilometros por Fragas e Carballeiras, onde a natureza Galega móstrase en todo o seu

esplendor.

No percorrido, contarase con 4 avituallamientos, contando o de meta. Os dous avituallamientos intermedios serán sólidos e líquidos.

Os atletas partirán o sábado desde a Praza de Palas, ás 18.30 horas. A organización ten previsto un servizo de autobuses para os participantes, pero é condición indispensable que comuniquen con antelación que van facer uso do mesmo. Sairán desde o Cantón de San Roque, en Melide, a partir das 16 horas e con intervalos de quince minutos. Así mesmo, haberá autobuses entre Melide e Palas para quen prefira regresar á conclusión da proba. Tamén está contemplado un servizo de transporte de mochilas, gardarroupa e duchas en ambos os municipios, ademais de atención de fisioterapia na zona de meta. A organización destina 1.800 euros a premios, que se reparten entre os cinco primeiros clasificados dos catros masculino e feminino.



A deportividade, sempre presente na media maratón

## Tres días sobre rodas con música, rutas, acrobacias e concertos

Os afeccionados ao mundo das motos quentan motores na conta atrás para a celebración da concentración moteira de Melide que, organizada polo club Millí Riders, chegará á vila os días 30, 1, 2 de xullo.

Será a quinta edición desta cita que a medida que vai medrando incorpora novidades. Unha das principais será o concerto de os Mojinis Escozios que deseguro animan a todos aqueles moteiros que se achegan a Melide a desfrutar de unha longa fin de semana.

Non é unha novidade, senón máis ben un clásico que non podía faltar, o show acrobático de Paulo Martinho, un dos espectáculos preferidos polo público. O portugués, pioneiro do freestyle no seu país e autor dun dos maiores espectáculos motorizados do mundo a día de hoxe, estará de novo en Melide o día 2 de xullo con dous pases, un ás 18:00 e outro ás 23:30.



Mojinis Escozios concerto da 5ª concentración moteira

As rutas, que farán desfilar centos de motos polas estradas da comarca, son outro clásico que non faltará. Haberá tres, unha por día, con percorrido nocturno o venres e transbordo no ferry de Visantona o domingo.

A música é outros dos ingredientes imprescindibles da concentración moteira de

Melide e terá o seu momento cume o sábado pola noite co concerto de los Mojinis Escozios. O venres serán Los Vagos quen poñan música despois da churrascada de confraternidade coa que se lle dará a benvida aos moteiros. Exposicións, show lavamotose completan o cartel. tamén haberá zona de acampada.



## Máis de 100 persoas no fin de curso de Herba Grileira

A Escola de música e baile tradicional de Herba Grileira poñerá punto final ao curso 2016/2017 cunha gala de exhibición que terá lugar este Domingo na Casa da Cultura de Melide. Dará comezo ás 19.00 horas e durante o seu transcurso interpretaranse 26 pezas, das cales 17 serán instrumentais e 9 de baile. A gala terá unha duración aproximada de dúas horas, un tempo durante o cal pasarán polo escenario máis de cen persoas, todas elas alumnas da escola, con idades comprendidas entre os 6 e os 75 anos.



## Medalla de Ouro 2017 do Concello de Melide

O pasado día 8 de xuño foi aprobado en Pleno a concesión da MEDALLA DE MELIDE, ano 2017, na súa categoría de OURO, ó IES de Melide, como homenaxe e agradecemento á súa traxectoria e ó encomiable labor en prol da educación, cultura e deporte que fixo no concello.

A imposición de dita medalla será efectiva nun acto que se celebrará na sala capitular do Concello o vindeiro 29 de xuño ás 12 horas, día San Pedro, patrón de Melide.

Parabéns para toda a Comunidade Educativa do IES de Melide



## A feira de cans aumentará o número de exemplares

A terceira edición da Feira de Cans de Caza que acollera a vila de Melide o última fin de semana de Xuño tera máis exemplares. Melide volverá a bulir de actividade grazas a organización da terceira edición da Feira de Cans de Caza Terra de Melide, unha cita que cada ano reúne aos mellores exemplares caninos de toda a xeografía galega.

Dicir ademais, que é unha cita que ano a ano trae máis exemplares das mellores razas caninas do mundo da caza e que compiten en diversas categorías polo mellor exemplar de cada raza catalogada, pola mellor gaiola, pola mellor camada e pola mellor reala. Os preparativos xa están apunto no Palacio de Congresos da vila, onde o día 25 de xuño, o último Domingo se darán cita os mellores criadores e exemplares do mundo da caza.





Fotos: Turismo Melide

**III Mercado de época**  
Furelos No 1900 (Melide)

16, 17 e 18 de xuño

Artesanía · alimentación · Animación · figurantes de época  
Música · Talleres demostrativos · rincón infantil

Venres a partir das 22:00h festa dos anos 80  
Domingo caravana Club 600

CONSELLLO DE MELIDE

## FIN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS

Son moitas e variadas as actividades ofertadas nas Escolas Deportivas de Melide. Tanto é así que un día non chega a nada cando de exhibicións e actuacións de fin de curso se trata. Foron en concreto tres as xornadas nas que o alumnado fixo gala das destrezas adquiridas. O 26 de maio o pavillón municipal foi o escenario perfecto para as disciplinas deportivas e ante unhas bancadas cheas de público actuaron os inscrites en fútbol sala, patinaxe, Bule con Alcer, ximnasia terapéutica e ximnasia da terceira idade. Tamén houbo exhibición de baile moderno e zumba.

Dous días máis tarde, e xa na Casa da Cultura, foi a quenda das escolas de ballet, danza moderna, baile galego, pandeireta, acordeón, gaita e percusión. Tamén na Casa da Cultura, e como actuación de fin de curso, representou a escola de teatro a obra “”. A sala de exposicións acolleu unha mostra cos traballos do alumnado da escola de corte e confección.



## Alumnas do obradoiro de mimbres ensinan os seus traballos

Poucos materiais son tan ecolóxicos e útiles como o mimbres para realizar esa tarefa. Pero non é unha técnica fácil de levar a práctica «Ten a súa maña, sobre todo a última volta do atado. Aínda que poda parecer fácil, como en todo hai que saber», así son algunhas

das experiencias vividas por as alumnas.

Durante anos, as técnicas artesanais xunto a materiais naturais foron empregadas como única alternativa para dar forma a distintos afeños que facilitasen a vida diaria do ser humano. Hoxe en día, con

todo, técnicas como as de facer cestos de mimbres xa se consideran toda unha arte, cada vez máis valorado entre os amantes do artesanal, así o consideran tamén estas mulleres que mostraron os seus traballos que levan a realizar dende Xa-neiro.



**Bodegas Alejuto**  
Viños e Licores

**Bebidas Espirituosas**  
**Licores**  
**Alejuto**  
Naturais, Aromáticos e Digestivos.  
Produtos de 1ª Calidade

Tfnos.: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557  
www.licoresmejuto.com  
Ronda de Pontevedra, nº 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PRODUCTOS ORIXINAIS  
1ª Calidade · Dende 1954

**Bodegas Alejuto**  
Viños e Licores

Xosé Núñez López, escritor

## O ALCUME

O alcume forma parte das maneiras que temos para nomear a unha persoa, prescindindo de nome e apelidos propios, baseándose na súa característica física, no seu carácter, ou noutra serie de circunstancias relacionadas coa mesma, tanto da familia como da casa onde viva.

Tamén hai alcumes que se deriban do oficio que teña unha persoa, como "Xan o pintor", "Antonio o carpinteiro", "Francisco o zapateiro", etc. E como na angüidade, herdábanse os oficios, tamén eran herdados os alcumes, e así xeración tras xeración nas familia e nas persoas, ata o punto de que nalgúns casos, xa ninguén sabe dende cando e porqué, unha persoa ou unha casa ten aquel alcume.

Os alcumes poden ter dous significados moi distintos: Os malintencionados, que teñen como obxectivo ofender a persoa ou a unha familia enteira; e os que non teñen malicia, como eran os utilizados forzosamente ata os séculos XI e XII, porque aínda non existían os apelidos, e facíase necesario distinguir as persoas polo nome de pila, completado co nome do lugar de nacemento e de seu pai. Tal son os nomes de orixen bíblico como: Xesús de Nazareth, ou Xosué fillo de Num da tribu de Efrain, etc. Así pois, ata o século XII, había liberdade absoluta para elixir

os apelidos, segundo o desexo de cada familia.

As Parroquias que, por certo, fixéronse en Galicia nos tempos dos reis Suevos Teodomiro e Miron, case un século antes ca no resto de España; comezaron no século XV a levar os libros cos rexistros de nacementos e defuncións, antes ca ningunha outra administración pública, dando así lugar a que os apelidos foran consolidándose, e tamén se establecera a norma de que, a cada nome de parroquia lle anteceda a nome dun Santo, como San Xuán de Visantóna ou San Martiño das Varelas, o que se mantivo invariable ata os nosos días.

Voltando a historia dos alcumes, xa deixamos dito que os hai de dúas formas moi distintas: Os que simplemente son para identificar as persoas, sen ánimo de ofender, como por exemplo: Ramón de Sánchez, Xosé de Outeiro, Manuel de Piñeiro, e algúns mesmo tan complicados como: "O fillo de Pepa do tío Roque"; e outros que sí tiñan malicia, como "O porco", "O chepa", "O medio ferrado", cando se trataba dun home que tiña pouca talla, ou "O rabudo" por ter mal xenio.

Para terminar, relatamos dúas curiosas anécdotas ocorrida unha delas a Pepe de Mariño da parroquia de Pezobre, quen foi un bon albanel e



mellor persoa, cando ocorreu que un home dunha parroquia do Concello de Melide, que vivindo nunha casa moi ruín, acordaron os veciños axudarlle a construír unha vivenda máis digna, e foi invitado o tal Pepe de Mariño para colaborar, quen aceptou ir traballar un día gratuitamente. Este bon albanel, collera a costume de traballar moi rápido, e non podía evitar meterlles presa aos que lle daban servizo en cantas obras facía.

Chegou o día de ir cumprir a palabra dada, e sen saber él que o interesado tiña por alcume "O rápido", que o levaba moi mal; comeza Pepe de Mariño a traballar, e en canto lle dixo o dono da casa dúas ou tres veces: "¡Veña rápido pedra, veña rápido ladrillo!, veña rápido barro!; o favorecido prantoulle cara e moi serio díxolle: "Se me volves a dicir rápido, douche con esta pá na ca-

beza". Entón Pepe de Mariño, vendo que a ameaza ía en serio, non lle dixo palabra, recolleu a súas ferramentas e marchou para a súa casa, ata que días máis tarde, entrouse do alcume de "Rápido".

Nun pobo da provincia de Pontevedra, había a costume de alcumar a todos, e principalmente as persoas que chegaban de fora a vivir alí. Xubilouse o Párroco e éste avisou, da tal circunstancia o que viña novo para a parroquia: E un día nun bar, onde o novo Cura tomaba un café, o taberneiro díxolle o que pasaba no pobo cos alcumes, e entón o novo Cura, agradecéndolle o aviso díxolle, "xa veño prevenido". Como no bar había un veciño escoitando, cando se atopou coa pandilla de amigos díxolles: Xa temos alcume para o novo Cura "Don Prevenido", e así lle quedou para sempre.

**SE VAS DE COPAS NON COLLAS O VOLANTE. PRIMEIRA MULTA DA HISTORIA POR CONDUCIR BÉBEDO.**

O mellor consello e que, se te vas de copas non collas o coche, e deixa que o faga unha persoa sobria; ou usa o transporte público.

E como nestas colaboracións, sempre nos gusta contarvos algunhas anécdotas históricas, hoxe narraremos unha referente as multas de tráfico, das que tanto nos queixamos, aínda sabendo que fomos nos quen as provocamos, na maioría das veces.

A PRIMEIRA MULTA DE TRÁFICO IMPOSTA POR CONDUCIR BÉBEDO, fai nada menos que 2.800 anos. Dí a historia, que tal infracción, tuvo lugar no antigo Exipto, e como por entón o medio de transporte era un carro, foi acusado o condutor do mesmo, por haber investido a unha estatua, e causarlle a morte a unha nena.

No xuício foi declarado culpable, determinándose que conducía bébedo, imponéndolle en consecuencia a correspondente sanción, que foi moito máis severa e inhumán, cas que se poñen hoxe, aínda que sexa delito, que che quiten puntos do carnet, ou teñas que ir o cárcere. Porque ao exipcio, impúselles a pena de ser colgado, na porta da taberna onde estivera bebendo, e alí permaneceu ata que os animais carroñeiros, fixeron desaparecer o seu corpo.

## ANIC SERIGRAFÍA

## “Modernizarse ou morrer”

Inversión en nova maquinaria que aposta por un traballo de calidade



Neira e María donos de Anic Difusión

**¿Cales son as principais dificultades que tivestes no momento de querer levar esta empresa adiante?**

Como che comentaba, a nosa empresa naceu fai 7 anos, 5 anos estiven instalado no pólono no taller que tiña na nave de Jim Sports, ás portas da crise económica, pero bueno todas as dificultades son comúns para calquera emprendedor, así que as solucionamos marcando os nosos parámetros de traballo e sendo fieis a eles: calidade, calidade e calidade e como clientes de Jim Sports e a repercusión que esta a ter a nivel mundial xa sendo unha multinacional pois non nos podemos queixar así que fai dous anos decidin trasladar o centro de traballo para Melide coa idea de achegarme máis o público.

**Fai 7 anos que naceu Anic Difusión, que destacarías sobre todo o aprendido?**

Moito é o que aprendemos e moito o que aprendemos constantemente. A nivel técnico, intentamos mellorar día

tras día por o que vimos de facer unha gran inversión en maquinaria nova que nos permitiu dar un salto cualitativo importantísimo, que doutra forma tardaríamos anos en conseguir; de feito constatamos que o atraso tecnolóxico e de necesidades de mercado na contorna por iso e por contar con grandes clientes que demandaban calidade e rapidez, agora mesmo somos punteiros en serigrafía na área de Santiago, contamos con máquinas novas como a de impresión con laser que fai que a tinta vai impresa directamente na tea sen necesidade de pegatinas eso fai que a impresión sea de moita maior calidade, por ese mesmo motivo contamos con Miss Rock como clienta, Marissa confiou en nos dende o primeiro momento, tamén adquirimos unha máquina que permite facer impresións sobre calquer superficie directamente, tanto en cristal como en madeira ou mesmo ata no propio teléfono móbil, son moitos clientes que se achegan para imprimir por exemplo sobre el a foto do seu fillo ou calquer outro motivo persoal, trátase de personalizar algo, esta moi en auxe. E

tamén aprendemos dos nosos clientes que acoden ata o noso negocio. As súas preguntas, os seus proxectos, as súas inquietudes, fan que cada día nos obriguemos a aprender e mellorar.

**¿Como definirías a filosofía de Anic Difusión ?**

A nosa filosofía é esencialmente sinxela: dar en cada traballo a calidade e a exquisitez que se espera de nós. E para iso utilizamos as ferramentas adecuadas a cada un dos nosos traballos; isto non quere dicir que non teñamos parámetros estandarizados, pero cada elemento utilizado é aplicado de forma exclusiva. Desde a filmación dos fotolitos, a elección da hilatura da pantalla, a elección das emulsiones, o tempo de insolado, as tintas utilizadas, todo está encamiñado a obter a mellor serigrafía posible. Gústanos escoitar aos nosos clientes, saber o que queren e gústanos explicarlles o que podemos ofrecer, de forma que o desfasamento entre ambos conceptos sexa o menor posible.

Hai que ter en conta que o noso traballo non é imprimir en dixital, é serigrafiar, e o resultado é único en cada unha das serigrafías obtidas, xa que durante o proceso de impresión a man do serigrafista fai que cada peza sexa diferente e especial.

**¿ Poderíades destacar un traballo do que vos sintades especialmente orgullosos?**

Ningún en concreto, todos son destacables, aínda que como che dixemos con anterioridade traballar para Jim Sports ou marcas como Miss Rock para nós é todo un luxo, o recoñecemento ao noso traballo por parte dos nosos clientes é motivo de profunda satisfacción.

Cando reproducimos en serigrafía calquera obra gráfica e o artista estampa a súa firma nela adoptándoa como propia é un momento máxico para nós, xa que nos fai participes da súa creación, nese momento podémonos chegar a sentirnos co-autores da mesma.

**¿Por que a serigrafía?**

Gústanos traballar cun sistema no que o valor das mans que xestionan un traballo son importantes e no que a tecnoloxía xoga un papel secundario. A serigrafía ten un extraordinario compoñente

artesanal, que pode chegar ao seu grao máximo de expresión no momento que se utilizan os avances que nos brinda a tecnoloxía.

**Cando entrei na tenda o primeiro no que se fixaron os meus ollos foi no orixinal escaparate, ¿ de quen foi a idea ?**

Pois miña -Neira-, a verdade e que contamos con un diseñador especializado, pero neste caso a idea veuseme a min, un día o saír de traballar e antes de subirme o coche, dixen, esa cristaleira vale para facer de pantalla como se fose un televisor, entraba a luz de fóra na tenda e viase tal cal como se fose unha televisor, dandolle voltas a cabeza na casa cheguei a conclusión de porque non unha pantalla de un ordenador, xa que a televisión con nós non ten moito que ver, e así fixen puxemonos man a obra a creamos unha pantalla coas súas carpetiñas.



Ronda de Pontevedra, 63

Tlf: 981 94 38 94  
604 05 05 83

serigrafia.anic@gmail.com



Orixinal deseño do escaparate de Anic Difusión

# días azuis

DO COMERCIO GALEGO

Do 16 ao 30 de Xuño

galicia

FEDERACIÓN  
GALEGA  
COMERCIO



XUNTA  
DE GALICIA